

## PRIMEIRA E SEGUNDA SESIÓN

### TODOMEDO

De neno tíñalle medo aos descoñecidos e cando algún adulto me falaba, baixaba a cabeza e centraba a mirada no brillo intrigante dos zapatos lustrosos de meu pai. Tiñan un aquel enigmático, nunca estaban sucios a pesar de velos andar por carreiros cheos de lama. Apenas lembro a cara do meu pai, só aqueles zapatos. O mesmo acontecía coa miña nai: se algo me asustaba, turraba polo seu xersei e cubría a cara con el como se a la fose un escudo que me protexía de todo.

Eu fun neno durante moito tempo, a miña infancia pareceume eterna, as horas eran interminables, e os meus medos alongábanas máis aínda. Tíñalle medo ao mestre, por iso as clases parecían non rematar nunca. Tíñalle medo á escuridade, o que facía as noites tan longas que cría que o sol non ía volver saír nunca máis. Tíñalle medo ás alturas, iso levou a que non me relacionase cos outros rapaces, dado que para chegar á vila tiña que cruzar unha ponte que parecía non chegar nunca ao outro lado. Tíñalle medo á auga; para non morrer dun corte de dixestión agardaba ata cinco horas inacabables sen me meter no mar.

Cando deixei de ser neno, meu pai quixo que eu estudase para médico, e saquei a carreira a pesar do arrepío que me producía o sangue. Fíxeno por medo a decepcionar a meu pai.

Ao rematar a carreira sentíame incapaz de exercer de médico e aceptei o primeiro traballo que me ofreceron: vendedor de enciclopedias a domicilio. Acepteino por medo a estar desempregado eternamente.

Un día quedei encerrado neste ascensor. Foi entón cando recoñecín a covardía enfermiza que caracterizou a miña existencia. E foi entón cando decidín que ao saír deste caixón ía acabar con ese medo a todo.

1. Escribe catro situacións, persoas, obxectos... que, de neno, lle daban medo ao home que fala.
2. Por que non se relacionaba con outros rapaces?
3. Por que despois de comer agardaba ata cinco horas antes de se bañar no mar?
4. Que carreira estudou de maior? Por que?
5. Que traballo desenvolveu logo? Por que?
6. Cando decidiu acabar cos seus medos?
7. Ponlle outro título á lectura.
8. Di algo ao que ti lle teñas medo e pensa en posibles solucións para superalo.
9. Busca no texto tres nomes, tres adxectivos, tres demostrativos, tres artigos, tres contraccións e tres posesivos.

NOMES	POSESIVOS	DEMOSTRATIVOS	ARTIGOS	CONTRACCIÓNS	ADXECTIVOS
-------	-----------	---------------	---------	--------------	------------

